

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS” (ADOS) E O CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CIMUS) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA UN PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DE ENSAIOS IN VITRO PARA A MEDIDA DE MODULACIÓN DO SISTEMA INMUNE POR COMPOSTOS ACTIVOS EN KINASAS E RECEPTORES NUCLEARES EN LEUCOCITOS EN PERSOAS DOADORAS SANAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que a Axencia ADOS (Servizo Galego de Saúde) formalizou co centro de investigación CIMUS da Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos constados desde o día seguinte ao da súa sinatura (con posibilidade de prórroga dun ano adicional).

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Materializar e regular a colaboración entre as partes para un proxecto de desenvolvemento de ensaios in vitro para a medida de modulación do sistema inmune por compostos activos en kinasas e receptores nucleares en leucocitos en persoas doadoras sanas.

- O obxectivo é desenvolver un modelo in vitro a partires de células sanguíneas mononucleadas (PBMCs) que permita estudar o efecto de distintos compostos na modulación das vías inflamatorias: inhibíndoas para o caso de patoloxías que cursan con procesos inflamatorios sobreestimulados coma no caso da EII, ou estimulándoas para patoloxías nas que se necesita unha maior activación do sistema inmune como podería ser o caso dos procesos canceríxenos relacionados con receptores nucleares.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) é unha axencia pública autonómica, adscrita á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, e ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.

Especificamente, é competencia da axencia conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia, así como conseguir as doazóns de células e tecidos necesarios para atender as necesidades dos/as doentes do sistema sanitario de Galicia e dos programas de investigación celular.

- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo. Segundo os Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Especificamente, O Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) creouse por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 17 de febreiro de 2010, e forma parte da rede de centros de investigación cun novo modelo de organización e funcionamento, que constitúe o elemento fundamental da estratexia de I+D do proxecto CAMPUS VIDA (Campus de Excelencia Internacional, MEC-MICINN, 2009).

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

